

SUBVENCIONS DO PROGRAMA DE INCENTIVOS ÁS EMPRESAS CUALIFICADAS COMO INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA (IEBTS)

A continuación descríbense brevemente as características principais desta convocatoria de axudas, aínda que a información que se considerará oficial a todos os efectos será a publicada na *Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para o fomento e a consolidación do emprego a través do Programa I para as pequenas empresas de nova creación e do Programa II de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2019 (DOG nº 18 do 25 de xaneiro de 2019).*

OBXECTO

Coa finalidade de impulsar a creación de novas iniciativas empresariais de base tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, este programa ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2019 dos incentivos ás empresas previamente cualificadas e inscritas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica.

As axudas destínanse a sufragar as accións, gastos e pagamentos establecidos en cada modalidade, que se produzan e realicen entre o 1 de outubro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, dentro do período dun ano desde o inicio da actividade da empresa, coas particularidades que se establezan neste programa para cada modalidade.

TIPOS DE AXUDA

As empresas cualificadas como IEBT poderán solicitar as seguintes modalidades de axudas:

- a) Subvención á creación directa de emprego estable.
- b) Subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación.
- c) Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade.

IMPORTE DA SUBVENCIÓN.

Subvención á creación directa de emprego estable: entre 8.000 e 22.500 euros por cada emprego subvencionable (poderán ser subvencionables os postos de traballo estables creados entre o 1 de outubro de 2018 e o 30 de setembro de 2019 dentro do primeiro ano de actividade da empresa)

Subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación: o 40% dos custos salariais totais, incluídas as cotizacións á Seg. Social, cun máximo de 12 mensualidades (serán subvencionables as contratacións realizadas entre o 1 de outubro de 2018 e o 30 de setembro de 2019)

Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade: entre 10.000 e 24.000 euros, en función do número de postos de traballo estables creados e subvencionados durante o primeiro ano de actividade.

A QUEN VAI DIRIXIDO

Axudas dirixidas a empresas privadas, incluídas as persoas autónomas, que se constitúan e inicien a súa actividade nun prazo non superior a 1 ano desde que o proxecto empresarial foi cualificado como IEBT, sempre que a maioría da titularidade da empresa corresponda ás persoas físicas promotoras do proxecto empresarial cualificado como IEBT e se cumpran os requisitos e condicións establecidos nesta orde para cada tipo de axuda.

PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Dende o 29/01/2019 ata o 30/09/2019

NORMATIVA

Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para o fomento e a consolidación do emprego a través do Programa I para as pequenas empresas de nova creación e do Programa II de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2019 (DOG nº 18 do 25 de xaneiro de 2019).

MÁIS INFORMACIÓN

https://www.xunta.gal/dog/publicados/2019/20190125/AnuncioG0424-020119-0001_gl.pdf